



Área / Unidade ASISTENCIA SOCIAL AS0000B MGB	Documento 1051AI0KT9	
Código de verificación 	Expediente 105/2026/2520	
3G48 6Y5D 4X0U 4Q1F 0A72	Fecha 21-05-2026	

RESOLUCION DE RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS

Asunto: Corrección de erro material advertido na proposta de convenio, versión castelán da subvención nominativa da entidade Real Institución Benéfico – Social Padre Rubinos destinada ao Financiamento do programa de axudas sociais desenvolvido pola entidade dirixido a persoas en situación de necesidade do municipio da Coruña do exercicio 2026.

Advertido erro material na proposta de convenio, versión castelán da subvención nominativa da entidade Real Institución Benéfico – Social Padre Rubinos destinada ao Financiamento do programa de axudas sociais desenvolvido pola entidade dirixido a persoas en situación de necesidade do municipio da Coruña do exercicio 2026, con código CSV 4E29 555C 046N 4W3V 0UPL, referido ao importe da subvención.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: O 04/05/2026 a Concelleira delegada responsable da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade mediante Resolución núm RS/AYT/7867/2026 resolve:

***“Primeiro.** Autorizar e conceder á entidade REAL INSTITUCIÓN BENÉFICO - SOCIAL PADRE RUBINOS, con NIF G15074743, (EXP. 105/2026/2520) unha subvención destinada ao financiamento do programa de axudas sociais desenvolvido pola entidade dirixido a persoas en situación de necesidade do municipio da Coruña, por importe de cento cincuenta mil euros (150.000,00€), gasto imputable á aplicación 51.231.48050 do Orzamento Municipal en vigor, que se fará efectiva e se xustificará de conformidade co establecido no convenio a subscribir e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos.*

***Segundo.** Aprobar a sinatura do convenio de colaboración, segundo a proposta que figura no expediente (CSV versión en galego: 2D5V 355S 090C 1W4M 0B62; CSV versión en castelán: 4E29 555C 046N 4W3V 0UPL), entre o Concello da Coruña e a REAL INSTITUCIÓN BENÉFICO - SOCIAL PADRE RUBINOS, para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026, co fin de contribuír ao financiamento das actividades citadas no apartado anterior.*



Terceiro. *No caso de que a entidade teña algún convenio ou subvención de exercicios pechados pendentes de xustificar, o recoñecemento da obriga quedará condicionado ao peche con conformidade das xustificación.*”

SEGUNDO: O 04/05/2026 consta o expediente fiscalizado de conformidade.

TERCEIRO: O 08/05/2026 a concelleira responsable da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade asina o convenio na versión galego, previamente asinado pola entidade.

CUARTO: Antes da remisión da proposta do convenio, versión castelán á BDNS advírtese erro material referido ao importe da subvención nominativa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: A presente resolución ten por obxecto unicamente a rectificación do erro material advertido na proposta de convenio, versión castelán con código CSV 4E29 555C 046N 4W3V OUP, de conformidade co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas, que establece que “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

SEGUNDO: A posibilidade de rectificar erros materiais, de feito ou aritméticos constitúe un mecanismo especial de revisión que non afecta á propia subsistencia do acto administrativo.

Por iso, é necesario comprobar, a concorrencia do requisito obxectivo para proceder á rectificación, isto é, a existencia dun erro material, de feito ou aritmético.

Ao efecto, debe recorrerse á reiterada xurisprudencia do Tribunal Supremo emanada sobre o particular segundo a cal “o erro material ou de feito caracterízase por ser ostensible, manifesto e indiscutible, implicando, por si só, a evidencia do mesmo, sen necesidade de maiores razoamentos, e exteriorizándose pola súa soa contemplación, polo que, para poder aplicar o mecanismo procedemental de rectificación de erros de feito, requírese que concorran, en esencia, as seguintes circunstancias:

1. Que se trate de corrixir erros simples ou equivocacións elementais de nomes, datas, operacións aritméticas ou transcricións de documentos;
2. Que talles erros advírtanse polos datos obrantes no expediente e sexan evidentes e notorios, sen que deban interpretarse as normas aplicables;
3. Que simultaneamente non se proceda de oficio á revisión dos actos mesmos;
4. Que a corrección non produza unha alteración fundamental ou substancial no contido ou sentido do acto, nin implique nova valoración ou cualificación xurídica (Ditame do Consello de Estado 1284/1992);



5. Que non padeza a subsistencia do acto administrativo, é dicir, que a rectificación non sea causa de anulación, revogación ou substitución do mesmo por un novo sobre bases diferentes e sen as garantías formais debidas, e
6. Que se exercite a facultade de rectificación cun fondo criterio restritivo.

TERCEIRO: Á vista deste restritivo réxime, non pode senón concluírse que no presente caso atopámonos ante o suposto legal previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, xa que, trátase dunha equivocación na cifra do importe da subvención. Neste sentido, o erro é patente e claro, sen necesidade de acudir a interpretación e cualificación xurídica algunha e, tal e como se expuxo concorren os distintos fundamentos esgrimidos polo Alto Tribunal para a rectificación do erro existente na proposta do convenio, versión castelán con CSV 4E29 555C 046N 4W3V 0UPL, sen que a corrección produza unha alteración fundamental ou substancial no contido ou sentido do acto, nin implique nova valoración ou cualificación xurídica o seu exercicio resulte contrario á equidade, á boa fe, ao dereito dos particulares ou ás leis

Á vista do exposto e do informe-proposta emitido pola Xefa de Servizo de Servizos Sociais e demais informes e a documentación incluída no expediente 105/2025/2520, en relación coa corrección de erros do convenio nominativo, versión castelán da REAL INSTITUCIÓN BENÉFICO - SOCIAL PADRE RUBINOS, e de acordo coas facultades que me confire a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e facendo uso das atribucións que teño delegadas pola Xunta de Goberno Local (Acordo do 04/07/2024, publicado no BOP núm.129, do 05/07/2024),

RESOLVO

PRIMEIRO : Rectificar a proposta do convenio en versión castelán, en concreto en donde di:

“Que pudiendo iniciarse el procedimiento de concesión tanto de oficio como a petición de la entidad interesada, la ENTIDAD, atendiendo al requerimiento municipal, presentó por registro con fecha 23/04/2026 la documentación necesaria para la suscripción del convenio. Después de revisar la documentación presentada y los documentos acreditativos del cumplimiento de los requisitos que exigen la LGS y la Ordenanza municipal, la concejala delegada responsable del Área de Bienestar Social, Participación e Igualdad, por delegación de la Junta de Gobierno Local, (acuerdo del día 04/07/2024 publicado en el Boletín Oficial de la Provincia núm. 129 del día 05/07/2024), y de acuerdo con el artículo 127.1.g) de la LRBRL, resuelve autorizar el gasto en favor de la ENTIDAD, en concepto de subvención directa para Real Institución Benéfico-Social Padre Rubinos por importe de douscentos cinco mil euros, gasto imputable a la aplicación presupuestaria 51.231.48050 y suscribir el correspondiente convenio de colaboración, que se regirá por las siguientes CLÁUSULAS”

Debe dicir:

“Que pudiendo iniciarse el procedimiento de concesión tanto de oficio como a petición de la entidad interesada, la ENTIDAD, atendiendo al requerimiento municipal, presentó por registro con fecha 23/04/2026 la documentación necesaria para la suscripción del convenio. Después de revisar la



documentación presentada y los documentos acreditativos del cumplimiento de los requisitos que exigen la LGS y la Ordenanza municipal, la concejala delegada responsable del Área de Bienestar Social, Participación e Igualdad, por delegación de la Junta de Gobierno Local, (acuerdo del día 04/07/2024 publicado en el Boletín Oficial de la Provincia núm. 129 del día 05/07/2024), y de acuerdo con el artículo 127.1.g) de la LRBRL, resuelve autorizar el gasto en favor de la ENTIDAD, en concepto de subvención directa para Real Institución Benéfico-Social Padre Rubinos por importe de ciento cincuenta mil euros, gasto imputable a la aplicación presupuestaria 51.231.48050 y suscribir el correspondiente convenio de colaboración, que se regirá por las siguientes CLÁUSULAS”.

E na cláusula terceira, donde di:

“La cuantía de la subvención objeto del presente convenio asciende a cincuenta mil euros euros, que es el importe total máximo del crédito presupuestario autorizado con cargo a la partida 51.231.48050 del Presupuesto General Municipal del año 2026.”

Debe decir:

“La cuantía de la subvención objeto del presente convenio asciende a ciento cincuenta mil euros euros, que es el importe total máximo del crédito presupuestario autorizado con cargo a la partida 51.231.48050 del Presupuesto General Municipal del año 2026.”

A Coruña, á data da sinatura electrónica

A Xunta de Goberno Local, P.D. (Acordo da XGL de data 04/07/2024, publicado no BOP núm 129 do 05/07/2024)

A concelleira delegada responsable da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade

Nereida María Canosa Domínguez